

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 84

ano 14

setembro-outubro 2019

MUNICIPALISMO (I): DE CÁDIZ Á RESTAURACIÓN


O 29 de setembro de 1833 morre o derradeiro rei absolutista de España, **Fernando VII** (1808 e 1814-33), legando á súa filla Sabela a Coroa e un país que ía sufrir un cambio total nas súas estruturas políticas coa **consolidación do liberalismo**. A presente acta do Concello de Ourense, do 28 de decembro de 1833 é unhas das primeiras conservadas do reinado de **Sabela II** (1833-68) no Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

A súa singularidade radica no feito de situarse no momento previo á reestruturación da administración local na cidade. Esta circunstancia fai que nela aínda se reflectan as estruturas dunha organización municipal propia do **Antigo Réxime** e habitual dun goberno absolutista. A acta recolle a elección dos concelleiros do couto de Foncuberta, cargos propios dos **señoríos xurisdiccionais**, e rexidos por normas e decretos señoriais considerablemente evolucionados desde a súa orixe medieval. En apenas tres meses de reinado, a estrutura política ourensá internamente non amosaba, pois, a debida transformación. A reforma territorial convertía *de iure* a Ourense nunha provincia liberal, similar á actual; e a administración municipal volvía depender da Lei municipal do 3 de febreiro de 1823. A reforma liberal, polo tanto, comezaba nada máis falecer o rei “deseñado”. Non obstante, como mostra a acta, continuaban *de facto* esas prácticas do Antigo Réxime.

As ideas liberais derivadas da Revolución Francesa de 1789 espalláronse por toda Europa, e influíron na vida política do reinado de **Carlos IV** (1788-1808). Non obstante, a verdadeira expansión do liberalismo político non se produciu ata a ocupación francesa do territorio peninsular, entre 1808 e 1813. A partir de entón, foron prioritarias tanto a **defensa dos dereitos individuais** (de liberdade, de expresión, dereito á propiedade, etc.) como a vontade da creación dun Estado nacional por parte das elites culturais, políticas e económicas do momento, afastándose de xeito gradual do absolutismo imperante.

Os liberais españois reformistas, mais non adeptos ao réxime francés que estableceu José Bonaparte, lideraron a reforma política estatal ante o baleiro de poder do territorio en conflito. Convocaron as Cortes na situa-

Da cidade de Cádiz en 1810, onde elaboraron a **primeira Constitución liberal** española. O 19 de marzo de 1812, a Constitución de Cádiz comezou unha longa andanza no proceso de consolidación do liberalismo en España. O nacemento da soberanía nacional, a supresión do señoríos xurisdiccionais ou o establecemento dunha serie de liberdades e dereitos individuais destacaron por riba doutras reformas como a reestruturación do poder local: a **creación dos concellos liberais**, que é a que nos interesa destacar.



1833, decembro, 28. Ourense
Borrador da acta do concello de Ourense do 28 de decembro de 1833 co fin de nomear aos novos concelleiros electos do coto de Foncuberta.
Papel, manuscrito; castelán.
AHPOu, Borradores de actas, C. 24359

De Cádiz ao Sexenio Democrático

As **Cortes de Cádiz** estableceron o sufraxio universal masculino indirecto durante a súa vixencia legal (1810-14); e os alcaldes electos dos novos concellos constitucionais, elixíanse por votación dos concelleiros. Mais a fin da Guerra da Independencia trouxo a volta de Fernando VII, contrario ás ideas liberais, o cal derivou na reinstauración do absolutismo e na desautorización dos concellos liberais. Só durante o **Trienio Liberal** (1820-23), a efémera Lei municipal do 3 de febreiro de 1823 intentou arrincar a reforma, pero o exército francés invadiu o país, ante a petición do monarca de reinstaurar o absolutismo.

Tívose que agardar ao reinado de Sabela II para a definitiva consolidación do Estado liberal. As reformas no campo municipal non tardaron en chegar. A Lei municipal de 1823 reactivouse ata 1835, coa aprobación dun novo decreto que amparaba os novos **concellos constitucionais, uniformes e centralistas**, e creaba as deputacións provinciais. A realidade galega, da que Ourense se exceptuou transitoriamente como amosa o borrador da acta comentada, adaptouse á nova situación, en 1836, coa creación dos novos concellos a partires das parroquias –antes organizadas en xurisdicións– segundo o ditame do xefe político e a deputación. Os concellos perderon a súa función xudicial, respectando a división de poderes defendida polo liberalismo.

As reformas do sistema serían constantes ao longo do século XIX. Durante o reinado sabelino, a maior parte dos gobernos foron de corte moderado, defensores dun **liberalismo doutrinario**, centralista e xerarquizado, nos que a elección dos alcaldes dependía das autoridades centrais nas catro reformas municipais que se realizaron. Só nos períodos onde os liberais progresistas presidiron o goberno (1836-43 e 1854-56), a elección dos alcaldes recaía nos concelleiros e, polo tanto, se ben indirectamente, nos electores. Mais o sufraxio era masculino e censatario, quedando o poder en mans dos reducidos sectores sociais con maior capacidade económica capaces de achegar a renda mínima esixida para poder votar. A aprobación do sufraxio universal masculino durante o **Sexenio Democrático** (1868-74) ampliou o censo electoral e o goberno cedeu o privilexio de elixir aos alcaldes municipais, trala reforma de 1870, recaendo de novo na corporación electa.


A Restauración: quenda e caciquismo

Coa chegada da **Restauración borbónica** (1874-1931), o sistema político creado polo preceptor do novo rei, o liberal conservador Antonio Cánovas del Castillo, baseouse nun símil imperfecto do sistema bipartidista inglés. Estableceu un réxime de alternancia pacífica e pactada entre as dúas faccións liberais maioritarias da oligarquía española: os conservadores e os liberais. Cánovas procuraba evitar os continuos pronunciamentos militares que asolagaron o reinado de Sabela II a través do amaño dos comicios electorais, coñecido como **puchetrazo**, algo que non só aconteceu nas eleccións xerais,

senón, tamén, nas municipais.

A Lei de 1870 mantívose ata 1877, cunha nova reforma lexislativa municipal que estivo vixente ata 1924, nunha longa época de desprestixio do poder local. O sufraxio masculino foi censatario ata 1890, intre no que se aproba a universalidade do voto para tódolos homes para a elección dos concelleiros.

Pola súa parte, a elección dos alcaldes foi de novo un privilexio governativo desde a devandita reforma de 1877 ata 1917. A corporación municipal renovábase, na súa metade, cada dous anos. O corpo electoral das vilas, reducido nun primeiro intre aos ricos persoeiros destas, permitía un fácil control dos resultados; coa extensión do control do voto, a maquinaria gobernativa conformou unha rede de influxos, mediante un **caciquismo de abaixo cara a arriba** que corrompeu os comicios



Fragmento do presente borrador da acta que recolle o disposto por Real Decreto para a elección dos concelleiros de couto de Foncuberta. AHPOu, Concello de Ourense, C. 24359

Ao longo da Restauración, o réxime caciquil dos concellos converteu a numerosos municipios en auténticos **feudos** caciquís supeditados aos seus intereses económicos e aos da súa facción política. Numerosas familias (caso dos Carpintero en Cortegada, dos Novoa en A Peroxa ou dos Carracedo na comarca de O Bolo) ocuparon os cargos principais dos concellos durante xeracións e só caían pola presión doutros caciques do lugar, que lograban afianzar un poder case omnímodo temporalmente. De feito, as loitas electorais entre oligarcas dunha mesma facción foron unha constante neste período –moito máis que entre rivais de faccións–.

A crise do sistema, iniciada a comezos do século XX, permitiu a entrada, de xeito minoritario, das forzas políticas opositoras nas Cámaras estatais e nos concellos populosos ou de tradición obreira ou nacionalista. Namentres, o poder municipal das vilas e das pequenas poboacións seguiu a ser controlado polos **caciques e terratenentes** locais por longo tempo.

O borrador da presente acta forma parte do fondo da sección histórica do Arquivo Municipal de Ourense depositado no Arquivo Histórico Provincial en xuño de 1949, polo Concello de Ourense co fin de facilitar o acceso á cidadanía dun dos fondos municipais máis interesantes de Galicia.